

Síguenos en



Biblioteca
Facultade de Ciencias da Educación

www.educacion.udc.es/biblioteca
bibedu.blogaliza.org

educacion.bib@udc.es

xaneiro – marzo 2016

BIBLIOTECA DA FACULTADE DE
CIENCIAS DA EDUCACIÓN

www.educacion.udc.es

SERVIZO DE APOIO AO PDI

A Biblioteca vén de crear un novo servizo, “Servizo de asesoramento ao PDI”. Os obxectivos deste novo servizo son aumentar a visibilidade da produción científica. Os servizos que ofrecemos son:

- Autoría e filiación (variantes de nome, sinatura normalizada, solicitude de cambios nas bases de datos..).
- Creación e xestión de identidades dixitais (ORCID, Author ID de Scopus, Researcher ID, Google Citation...)
- Acceso aberto e repositorio da UDC (RUC). Vantaxes de publicar en aberto, localización da produción científica e análise de viabilidade para poñer en aberto. Consulta de licencias, preparación de pdf, autoarquivo e arquivo delegado.
- Onde publicar?. Revistas con impacto.
- Principais redes de investigación.



ORCID poster by jennyham.co.uk

Por que é tan importante crear un perfil de investigador/a?

- Aumentamos a visibilidade e difusión do noso traballo
- Garantimos a distinción inequívoca da nosa produción científica, reuníndoa nun espazo dixital accesible a quen o desexe consultar
- Facilitamos información completa sobre a nosa investigación a outros investigadores/as e ás axencias de financiación.

No último trimestre de 2015 8 docentes da nosa facultade realizaron o curso “**Estratexias para incrementar a visibilidade e o impacto dos resultados da investigación**”, impartido pola Biblioteca en colaboración co CUFIE, no que elixiron unha sinatura normalizada, unificaron o nome nas distintas bases de datos, crearon perfís de investigador/a e subiron documentos ao RUC.

Se desexades utilizar algún destes servizos contactade con nós.

Lembrámosvos que tamén ofrecemos axuda e formacións en procuras en bases de datos, xestores bibliográficos, creación de alertas, acreditación e sexenios...

ALFIN

Continúan as formacións para o alumnado que está a preparar o **TFG e TFM**. No último trimestre de 2015 impartimos 4 cursos semipresenciais, con 3 horas lectivas cada un deles nos que se matricularon 100 persoas que estaban preparando o TFG. E tamén impartimos 3 cursos para alumnado de TFM con 4 horas lectivas cada un. A partir do 19 de febreiro terá lugar outra quenda para aquelas e aqueles que os presentan en xuño.

No mes de decembro deuse de alta a todo o PDI da facultade nun dos cursos que a biblioteca ten en **Moodle**, “*Habilidades para o acceso, xestión, comunicación e avaliación da información en Ciencias da Educación*” co obxectivo de que poidades acceder aos seus contidos sempre que o desexedes. O curso contén material formativo, con videotutoriais, manuais e bibliografía. De cando en vez subimos novos temas de interese ao foro por se alguén está interesado en seguilos, dos que vos chegarán correos de aviso.

My thesis is written in



E para quen estea a preparar a súa **tese**: procuras en bd específicas, xestión de citas...

WWW.PHDCOMICS.COM

EXPOSICIÓNS.

Recuncho de lectura

O lapis do neto do carpinteiro. Exposición de caricaturas do **Roberto Suárez Brandariz**.



Datas: xaneiro-marzo 2016
Lugar: Recuncho de lectura

Máis información no noso blogue.

Peceiras de creatividade



Material complementario da exposición de Roberto, con outros dos seus traballos, fases do proceso creativo e algunhas obras dispoñibles na biblioteca sobre caricatura e autores deste xénero.

A Biblioteca, en colaboración con Roberto Suárez Brandariz e o alumnado de linguaxes audiovisuais e educación artística do Grao en Educación infantil, convoca un concurso de fotografía e vídeo para alumnado, PDI e PAS da facultade de ciencias da educación, AmoresQmatan. As bases pódense consultar no blogue da Biblioteca. As obras seleccionadas no concurso serán expostas e proxectadas na Biblioteca con motivo da conmemoración do 8 de marzo, día da muller.

THOMPSON&REUTERS RENÓVASE

Dende novembro Thompson&Reuters ofrece un novo produto incluído tamén en WOS, ao que temos acceso a través da Fecyt. Trátase de **ESCI (Emerging Sources Citation Index)**. A existencia de produtos alternativos aos de Thompson (JCR, SCI, SSCI...) e que utilizan outros índices de impacto, métricas alternativas, como o SJR de Scopus, o Índice H, utilizado por Google Scholar, o SNIP ..., así como o cuestionamento do seu FI polo marcado sesgo hacia publicacións do ámbito anglosaxón, porque non penaliza autocitas e pola ausencia das ciencias humanas no JCR, entre outros, pode ser a causa do nacemento de ESCI. Neste novo produto aparecen as revistas que están sendo avaliadas para entrar en WOS.



Os criterios:

- revistas con revisión por pares
- prácticas de publicación éticas
- contidos de interese para comunidade experta na súa área
- requisitos técnicos...

Thompson&Reuters lanzou ademais novas versión dos seus produtos do **JCR e Essential Science Indicators**, integrándoas en Incites. Entre as novas funcionalidades están a incorporación doutras métricas como o Eigenfactor normalizado e o Journal Impact Factor (JIF). Tamén permite filtrar as revistas por acceso aberto, cuartil e percentil JIF. No JCR permite realizar comparativas de diferentes revistas. Pódense consultar dende a web de Web of Science.

NÉBEDA. Clube de lectura e encontros literarios



Continuamos co clube de lectura, que funciona grazas ao apoio do servizo de Normalización Lingüística, e tamén coa colaboración da editorial Galaxia.

A vindeira lectura será **O coitelo en novembro**, de **Marilar Aleixandre**.



Encontro literario coa autora
Data: 18 de febreiro, ás 18 h
Lugar: Recuncho de lectura

Marilar Aleixandre é, ademais de escritora e tradutora, bióloga e profesora na Universidade de Santiago de Compostela. Éscribe narrativa infantil-xuvenil e para adultas/os, ensaio e poesía. Ten unha obra extensa e acadado numerosos premios. A asistencia aos encontros é libre para toda a comunidade universitaria e tamén se pode convidar a xente de fóra. A través do noso blogue podedes participar con comentarios. Paralelo ao clube e os encontros está o cineclube, moderado por Juan José Bueno Aguilar. Coordina o clube: Inma Doval Porto. nebedaclubelectura.wordpress.com